



BOP

LUNS, 22 DE FEBREIRO DE 2021

N.º 042

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 22-02-2021
ata a día 3-3-2021
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE RECURSOS HUMANOS, SELECCIÓN, PROMOCIÓN E CARREIRA

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE DATA 12.02.2021 RELATIVO Á CORRECCIÓN DE ERROS NA APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA CONSTITUÍR UNHA LISTAXE DE EMPREGO DE TÉCNICO/A SUPERIOR EN PROTOCOLO PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 12 de febreiro de 2021, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

Por acordo da Xunta de Goberno de 15 de xaneiro de 2021, aprobouse a convocatoria e bases específicas para constituír unha listaxe de emprego de Técnico/a Superior en Protocolo para prestar servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo

O Acordo foi publicado no Boletín Oficial da Provincia número 023, do 29 de xaneiro de 2021.

Producíndose erros materiais ao transcribir os temas 34, 35 e 36 contidos na base específica 6, apartado b), referente ao programa de materias específicas, consistente en que o contido dos mesmos está xa recollido nos temas 4, 5 e 6 do temario; Considerando o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que textualmente di: "as Administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais de feito o aritméticos, existentes nos seus actos", propónse á Xunta de Goberno, para que segundo as facultades que lle confire o artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, de data 30 de xuño de 2020 (BOP número 202, do 3 de setembro de 2020), acorde:

Corrixir os temas 34, 35 e 36 contidos na base específica 6 apartado b) referida ao programa de materias específicas aprobado na Xunta de Goberno de data 15 de xaneiro de 2021 do seguinte xeito:

1-TEMA 34

Onde di: "34. Protección de datos. Os tratamentos honoríficos en España. Tipos. Tratamentos reais e nobiliarios. Tratamentos para condecoracións. Tratamentos para autoridades civís, militares, eclesiásticas e diplomáticas".

Debe dicir: 34. Protección de datos persoais na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Principios esenciais e dereitos das persoas.

2-TEMA 35

Onde di: "35. Dereito premial: distincións das Comunidades Autónomas, das corporacións locais, e provinciais. Nomeamentos honoríficos e condecoracións. Tramitación do expediente".

Debe dicir: 35. O protocolo da Unión Europea: simboloxía da Unión.

3-TEMA 36

Onde di: "36. A imaxe corporativa. Concepto e relevancia. A formación da imaxe institucional. Uso e aplicacións. O patrocinio e o mecenado".

Debe dicir: 36. A organización das rodas de prensa e conferencias de prensa. Entrevistas cos medios."

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

Pazo Provincial, 17 de febreiro de 2021.- A secretaria xeral, María Esther Álvarez Martínez.

R. 0438

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 22-2-2021
ata o día 3-3-2021
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA